



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABELECE O CURRÍCULO DAS ENSIANZAS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO FIXO E TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO LIBRE.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de xuño de 2011, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre.

1.- O Consello Escolar de Galicia considera que, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, debería propiciarse a recompilación e publicación dos vocabularios galegos das distintas ensinanzas deportivas de réxime especial, dispoñéndose que ditos vocabularios sexan remitidos ós centros educativos con obxecto da súa inclusión nas actividades formativas das correspondentes ensinanzas.

2.- Tamén propón que se inclúa un artigo indicando que módulos deben ser de obrigada impartición en galego para que se cumpra a lexislación vixente.

3.- No artigo 18, relativo ás ratio profesorado/alumnado, propónse a substitución da expresión: “a relación profesorado/alumnado será de 1/30”; pola seguinte: “**a relación do profesorado/alumnado será de 1/20**”.

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. c. or.
O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés